

Resolución reitoral pola que se convocan os Premios a Traballos Fin de Estudos (Grao e Master universitario) e Tese de Doutoramento con contidos en temas relacionados co emprendemento.

A Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e as tres universidades galegas asinaron o 4 de abril de 2024 un convenio para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationUE. Esta actuación ten como finalidade contribuir aos obxectivos marcados na Compoñente 23 “Novas políticas públicas para un mercado de traballo, dinámico, resiliente e inclusivo”, Investimento 5 (obxectivo CID 347) referido a “Gobernanza e Impulso ás políticas de apoio á activación para o emprego”, código BDNS 757441.

A finalidade das actuacións do convenio é difundir, promover, e fomentar a cultura emprendedora na comunidade universitaria, para o que está prevista a convocatoria de premios ao emprendemento universitario.

Unha vez vista a *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar premios, en réxime de concorrencia competitiva, ao mellor Tráballo Fin de Estudos (Grao e Master universitario) e Tese de Doutoramento da Universidade de Vigo que teñan como temática o emprendemento e que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN O PREMIO TFG/TFM E TESE EN TEMÁTICAS RELACIONADAS CO EMPRENDIMIENTO

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto dar visibilidade á aportación daquelas liñas de investigación en materia de emprendemento e innovación impulsadas por estudantes da Universidade de Vigo, a través do desenvolvemento dos seus Traballos de Fin de Estudo (Grao e Máster) e Teses de Doutoramento.

Os premios distribúense en dúas categorías:

- Premio de innovación e emprendemento a mellor Tese de Doutoramento
- Premio de innovación e emprendemento ao mellor Trabajo Fin de Grao (TFG) e Trabajo Fin de Máster (TFM)

Cada categoría terá un primeiro e un segundo premio en cada unha das 5 áreas de coñecemento:

- Artes e Humanidades
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Ciencias
- Ciencias da Saúde
- Enxeñaría e Arquitectura

e un accésit para cada categoría.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter superado na Universidade de Vigo durante o curso 2023/2024 e, en todo caso antes do 1 de agosto de 2024, o Trabajo Fin de Grao, Trabajo Fin de Máster universitario ou a Tese de Doutoramento.
- b) Ter realizado un Trabajo Fin de Estudos ou Tese que propoña o desenvolvemento de novos produtos ou servizos que teñan un potencial nicho de mercado ou estar orientados á xeración dun proxecto empresarial que poida contribuir a creación dunha iniciativa empresarial.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. INCOMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.



4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Este programa está financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 0000 121DMRR 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 20.000€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima de cada premio será,

- TFG/TFM
 - 1º Premio: 1.000 €
 - 2º premio: 500 €
 - Accésit: 200 €
- Tese de doutoramento:
 - 1º premio: 1.600 €
 - 2º premio: 800 €
 - Accésit: 300 €

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

4. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.


5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1 As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13590, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** “Premios ó mellor TFG/TFM e Tese en temáticas relacionadas co emprendemento”, achegando unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de **nacionalidade extracomunitaria**, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL

Plan de Recuperación,
Transformación
y ResilienciaSERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **31 de xullo de 2024 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

Xunto coa solicitude deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica) de acordo cos modelos anexos IV:B da Orde HFP/1030/2021, e IV.C) :

1. Declaración responsable relativa ao cumprimento de principios transversais (relativos ao dano significativo ao medio ambiente, conflitos de intereses, entre outros), establecidos no PRTR y que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión (ANEXO IV.C)
2. Consentimento ás cesións de datos entre administracións públicas (ANEXO IV.B).
3. Resumo do proxecto de un máximo de dúas páxinas.
4. Informe da persoa directora do traballo acerca do cumprimento do requisito de que a temática do traballo ou tese debe propor o desenvolvemento de novos produtos ou servizos que teñan un potencial nicho de mercado ou estar orientados á xeración dun proxecto empresarial que poida contribuír a creación dunha iniciativa empresarial.
5. Copia en formato pdf do Traballo Fin Grao, Traballo Fin de Máster ou Tese de Doutoramento, ou enlace ao repositorio.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos, méritos alegados e para o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa correspondente aos fondos NextGenerationEU. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.


6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:
- a) Innovación: grao de disrupción e previsión do desenvolvemento dun novo produto ou servizo: ata 3 puntos
 - b) Aplicabilidade: grao de viabilidade técnica, comercial e/ou económica: ata 3 puntos
 - c) Relevancia: grao de que a idea poida ter capacidade de creación de valor económico, social, y/o medioambiental: ata 2 puntos





Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



- d) Plan de traballo: grao de desenvolvemento dos obxectivos, metodoloxías e instrumentos de recollida e medición de datos e dos resultados obtidos no traballo: ata 2 puntos

No caso de resultar vacantes nalgunha área de coñecemento poderán ser adxudicados á persoa con maior puntuación das listas de garda da mesma categoría.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais:

- Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento
- Belén Fernández Durán, técnica superior de Orientación Laboral e Emprendemento
- Un/ha representante da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual.


5. Unha vez que a comisión revise as alegacións enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria, no caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de bolsas convocadas e dado que non existe puntuación mínima para a selección, aplicarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, polo que a Sección de Axudas e Bolsas formulará directamente a proposta de concesión á vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, con premios denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL

Plan de Recuperación,
Transformación
y ResilienciaSERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios farase nun evento de referencia no que se destacará a contribución do estudiantado ao emprendemento e a innovación a través dos seus traballos de fin de estudos (TFG/TFM) e Teses Doutorais.

Pola súa participación no evento as persoas premiadas autorizan a Universidade de Vigo e entidades colaboradoras e os diferentes medios para publicar o seu nome, voz e imaxe nos diferentes medios de comunicación, tanto convencionais como electrónicos e dixitais, incluíndo xornais, revistas literarias, sitios web, folletos, vídeos informativos, promocionais, etc.

8. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renunciacións aceptadas darán lugar á concesión do premio á seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Cumprir as obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento comunitario das medidas incluídas no PRPR.



- b) Cumprir as obrigas en materia de conservación da documentación contempladas no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre o financiamento comunitario das medidas incluídas no PRPR.

Ademais o beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

10. PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual do traballo premiado e a propiedade material dos documentos que o integran corresponde ao autor/a do mesmo. A Universidade de Vigo poderá difundir con fins publicitarios o título, resumo e autor do traballo premiado.

11. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>



ANEXO IV.B

Declaración de cesión e tratamento de datos

Don/Dona, DNI, na condición de solicitante dunha bolsa para o “Programa de prácticas académicas en iniciativas empresariais emerxentes promovidas pola Comunidade Universitaria e a Comunidade Alumni-Uvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)” e domicilio en, no desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 23 “Novas políticas públicas para un mercado de traballo, dinámico, resiliente e inclusivo” declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- a. nome do perceptor final dos fondos;
- b. nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- c. nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- d. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».


2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión aos efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202....

Fdo.





MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



ANEXO IV.C

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Doña, DNI, solicitante dun "Premio a traballo fin de estudos (Grao e Máster universitario) e Tese de doutoramento en temáticas relacionadas co emprendemento" e domicilio en, no desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos obxetivos definidos no Compoñente 23 "Novas políticas públicas para un mercado de traballo, dinámico, resiliente e inclusivo" manifesta o seu compromiso cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para prever e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco de devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Así mesmo, manifesta que é coñecedor do financiamento da bolsa con cargo aos fondos do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU" e comprométese a efectuar as obrigacións establecidas en materia de información, comunicación e publicidade recollidas na normativa reguladora.

....., de de 202.....

Fdo.

